

Acta núm. 7/2019.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 26 de marzo de 2019

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Non asiste: José Pedro Cambón Fernández.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 26 de marzo de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 5 de marzo de 2019.
- 2º.- Comunicacóns previas (obras menores)
- 3º.- Licenzas de segregación.
- 4º.- Licenzas de obra maior.
- 5º.- Bonificación de prezos públicos.
- 6º.- Licenzas de vado permanente.
- 7º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 5 DE MARZO DE 2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 5 de marzo de 2019, acta núm. 06/2019.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicacón previa asinada por JOSE RAMON ARUFE DEL RIO, na que comunica que vai realizar obras de conservación dun hórreo de 30 m² de superficie, en Cabanas 5, Os Ánxeles. As obras consistirán en substituír a tella, cambiar a madeira e a porta, e limpar a pedra do hórreo.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, área consolidada pola edificación (NRL-1) do PXOM, e o hórreo non está incluído no catálogo de bens de interese cultural, nin se atopa dentro dun ámbito de protección, nin dentro do radio de ningún elemento catalogado segundo a Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROBERTO SOTO SANCHEZ, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha edificación de Salaño Pequeno, Ons, substituíndo a tella existente por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma. A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) e sitúase dentro do contorno de protección do Pazo dos Armesto, incluído no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificado como OE6, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCELINO RIVADAS PICADO, na que comunica que vai construír un muro de bloques de formigón na terraza da vivenda de Trasouteiro 8, Brión, de 0,90 m. de alto.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que o muro sexa convenientemente revestido e pintado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA ROSA SANDA TAIBO, na que comunica que vai reparar a cuberta dunha edificación en Pousada 5, Viceso, substituíndo a tella existente por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1) e sitúase dentro da aldea de Pousada, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificado como VE3, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ROCIO VAZQUEZ LOURIDO, na que solicita modificación da licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno Local o 22/12/2015, segundo proxecto de regularización redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de A Coruña e Pontevedra, visado nº 66/19.

O motivo da solicitude é a necesidade de axustar á realidade as descrições das dúas fincas obxecto de regularización, tanto as superficies como os lindeiros, dado que o informe de Validación Gráfica coas representacións xeorreferenciadas non está coordinado con catastro.

Descrición das parcelas obxecto de regularización:

.- A denominada primeira parcela correspóndese coa parcela 58 de concentración parcelaria de Boullón.

Superficie: 3.684 m².

Lindes:

Norte: Lourdes- María Pérez Martínez (365-adicional) e Ramón Pérez Pedrosa (40).

Sur: Florentina Nieto Pérez (59), Florentina Nieto Pérez e outros (60) e camiño.

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e Lourdes María Pérez Martínez (365-adicional).

Oeste: camiño, Florentina Nieto Pérez e outros (60), Florentina Nieto Pérez (59), camiño construído polo servizo de concentración parcelaria, Manuel Fernández Fraga (56) e Manuela Lorenzo García e outros (57).

Referencia catastral: ten dúas: 4040501NH2444S0001GD, clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, e 15013B501200580000MS, clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal.

.- A denominada segunda parcela correspóndese coa finca 365-adicional de concentración parcelaria de Boullón.

Superficie: 2.596 m².

Lindes:

Norte: Dolores Gómez Fernández (41), camiño e Florentina Nieto Pérez Perez e outro (48).

Sur: Rocío Vázquez Lourido e José Lourido Pérez (58).

Leste: Ramón Pérez Pedrosa (40), Dolores Gómez Fernández (41) e camiño.

Oeste: Rocío Vázquez Lourido e José Lourido Pérez (58), Manuel Fernández Fraga (56) e Manuela Lorenzo García e outros (57).

Referencia catastral: ten dúas: 4040502NH2444S0001QD clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, e 15013B501001300000MQ, clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal.

Descrición da segregación:

Para o acto de regularización segregábase da finca 58 de concentración parcelaria unha porción de 203 m², que sobresaie na zona noroeste da parcela e está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal.

No mesmo acto segregábase da parcela 365-adicional de concentración parcelaria, unha porción de 203 m² sobre a zona máis meridional da parcela.

Posteriormente, e no mesmo acto, agrégase á parcela 58 de concentración parcelaria a porción de terreo segregada da parcela 365-adicional de concentración parcelaria, de 203 m², e agrégase

á parcela 365- adicional de concentración parcelaria a porción de terreo segregada á parcela 58 de concentración parcelaria, de 203 m2.

Tralo acto de regularización, mantense o mesmo número de parcelas iniciais, coa mesma superficie.

Descrición das parcelas resultantes:

Parcela primeira:

Superficie: 3.684 m2.

Clasificación: solo de núcleo rural (NRL-2), e solo rústico de protección forestal.

Lindes:

Norte: Lourdes María Pérez Martínez (365-adicional) e Ramón Pérez Pedrosa (40).

Sur: Florentina Nieto Pérez (59), Florentina Nieto Perez e outros(60) e camiño.

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Oeste: camiño, Florentina Nieto Pérez e outros (60), Florentina Nieto Pérez (59), camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e Manuel Fernández Fraga (56).

Parcela segunda:

Superficie: 2.596 m2.

Clasificación: solo de núcleo rural (NRL-2), e solo rústico de protección forestal.

Lindes:

Norte: Dolores Gómez Fernández (41), camiño e Florentina Nieto Pérez e outro (48).

Sur: con Rocío Vázquez Lourido e José Lourido Pérez (58)

Leste: con Ramón Pérez Pedrosa (40), Dolores Gómez Fernández (41) e camiño.

Oeste: Manuel Fernández Fraga (56) e Manuela Lorenzo García e outros (57).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a modificación da licenza solicitada, que afecta unicamente ás superficies das parcelas obxecto da regularización e aos lindeiros, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ROSA MARÍA GARCÍA CARBIA, que di actuar en nome e representación de MANUEL RAUL SANCHEZ ALVAREZ, na que solicita licenza de segregación da finca 6924801NH2462S0001MP, de Vilas, Bastavales, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña – Pontevedra), visado núm. 54/2019.

Descrición da parcela de orixe:

Finca 476 do plano de concentración parcelaria de Bastavales.

Referencia catastral: 6924801NH2462S0001MP.

Superficie: 1.262 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: María Álvarez Franqueira (477).

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Oeste: David Campos Filguera (475).

Segregación pretendida:

Parcela número 476-1.

Superficie bruta: 529 m²

Superficie de cesión: 28 m²

Superficie neta: 501 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: María Álvarez Franqueira (477).

Leste: parcela 476-2 procedente desta segregación.

Oeste: David Campos Filguera (475).

Parcela número 476-2.

Superficie bruta: 733 m²

Superficie de cesión: 60 m².

Superficie neta: 673 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a Ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: María Álvarez Franqueira (477).

Leste: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Oeste: parcela 476-1 procedente desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións do terreo das seguintes superficies: 28 m² e 60 m², destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Alejandro Jesús García Rodríguez, que di actuar en representación de MARIA JOSE SERRAMITO RODRIGUEZ, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Liñares 61, Brión, segundo proxecto básico e de execución

redactado por Alejandro García & Arquitectos S.L.P, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.01.2019 e o 21.02.2019.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 5850209NH2455S0001DA), está situada en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado por Alejandro García & Arquitectos S.L.P, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.01.2019 e o 21.02.2019.
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 63 m2 destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- BONIFICACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por G.B.L., con rexistro de entrada no Concello núm. 959, do 18.03.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso básico de galego para adultos.

Vista a proposta favorable da traballadora social do 18.03.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a G.B.L. a bonificación solicitada ao abeiro do artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 10 €/mes, correspondente a súa participación no curso básico de galego para adultos, ata o mes de maio de 2019.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar ao interesado.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por A.A.B., con rexistro de entrada no Concello núm. 925, do 14.03.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de inglés para adultos.

Vista a proposta favorable da traballadora social do 18.03.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a A.A.B. a bonificación solicitada ao abeiro do artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 30 €/mes, correspondente a súa participación no curso de inglés para adultos, ata o mes de xuño de 2019.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar ao interesado.

SEXTO.- LICENZAS DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE MOURIÑO RODRIGUEZ, con domicilio en Avd. dos Ánxeles 20, Os Ánxeles, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda da Avd. dos Ánxeles 20, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, acorda por unanimidade conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SETIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.



O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

José Luis García García

O secretario

Javier Nieves González